



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 2 DE FEBREIRO DE 2024

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas do día dous de febreiro de dous mil vinte e catro, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ (que se incorpora á sesión no momento que se expresa nesta acta)
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro do grupo político de AV, don Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 2 de febreiro de 2024, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202402020957370000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024

Acceso á videoacta – 00:00:43 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos de data 30 de xaneiro de 2024 (CVD: gWmzmRKUalfKK6eoMDdR), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Medio Ambiente, Mobilidade, Sanidade, Seguridade Cidadá, Turismo, Patrimonio, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica, en sesión extraordinaria de data 30 de xaneiro de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

O goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación dun paquete de actuacións financiadas con cargo ao Plan de Obras e Servizos (POS+) do ano 2024 cuxas bases foron publicadas no BOP número 227 do 28 de novembro de 2023.

O Concello de Cambre ten unha asignación para o POS+2024 dun total de 748.880,54€, correspondendo 421.783,29€ á “achega provincial 2024 e 327.097,25€ á “Achega provincial 2023”.

Segundo o disposto na base 2 das reguladoras do Plan, os concellos poderán destinar a cantidade asignada neste Plan aos seguintes obxectos:

- Gasto corrente

O Concello poderá destinar a “achega provincial 2024” ou excepcionalmente a “achega provincial 2023”, ao financiamento dos seus gastos correntes devengados durante o exercicio 2024 polos bens e servizos de competencia municipal obrigatorios, segundo se detalla nas Bases 2.1 e 5.B.1.

- Realización de investimentos

O Concello poderá destinar a “achega provincial 2024” e a “achega provincial 2023” ao financiamento de investimentos de competencia municipal. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas.

- Redución da débeda do Concello coa Deputación pola utilización de préstamo provincial nos plans PAI 2015 e PAI

2016 e POS+ 2017 ao POS+2023.

Poderá destinarse a “achega provincial 2024” e a “achega provincial 2023” á redución da débeda que o concello ten coa deputación orixinada pola solicitude e aplicación de préstamo provincial no Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, POS+2017 ao POS+2023.

- **Gastos sociais**

O Concello poderá destinar a “achega provincial 2024 extraordinaria” ao financiamento dos gastos sociais, segundo se detallan na Base 12, a través do “POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024”.

As cantidades do POS+2024 asignadas a este Concello para cada un dos tipos de achega son as que figuran na seguinte táboa:

Achega provincial 2024	Achega provincial 2023	Total POS+2024
421.783,29	327.097,25	748.880,54

A proposta presentada inclúe as seguintes actuacións:

- Destinar a totalidade do importe correspondente á “Achega provincial 2023” (327.097,25€) aos investimentos financeiramente sostibles, que se indica a continuación:

Denominación	Importe (IVE engadido)
Mellora da accesibilidade na contorna da Igrexa de Santa María de Cambre. Fase 1	264.336,32€
Proxecto básico e de execución Mellora de accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da AC-214 e rúa Carballo. 15660 Cambre	73.270,21€
TOTAL	337.606,53€

- Destinar a totalidade do importe da asignación da “Achega provincial 2024” (421.783,29€), aos investimentos que se indican a continuación:

Denominación	Importe (IVE engadido)
Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre. Fase 2	42.603,83€
Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no edificio sociocultural na parroquia de Cela. Concello de Cambre	104.704,65€
Proxecto básico e de execución de mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Cambre. Lote 1	173.393,63€

Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre	87.304,04€
TOTAL	408.006,15€

Ademais, as bases reguladoras do POS + 2024, establecen a obriga para os Concellos de solicitar “investimentos financeiramente sostibles” dentro do Plan Complementario, por un importe mínimo do 25% da suma dos dous tipos de achegas provinciais, isto é, como mínimo 187.220,14€, facéndose proxectos por un importe de 466.471,46€.

Así, propónse como actuacións, os seguintes investimentos:

Denominación	Importe (IVE engadido)
Proxecto básico e de execución de Mellora funcional da rúa Rocón. Concello de Cambre	124.709,04€
Mellora da rede de pluviais en rúa Otero Pedraio e na Patiña (Cela)	94.513,57€
Proxecto de execución das obras de reforzo do firme e reposición de beirarrúas desde a senda de Casilla ata o cruce AC-214 con DP-1706	145.499,32€
Obras de oportunidade na senda da Casilla, AC-214, pks 7+145-8+045	54.629,09€
Obras de oportunidade na senda da Xira, AC-214, pks 8+500-8+870	47.120,44€
TOTAL	466.471,46€

Para a elección das actuacións, tívose en conta a enquisa xestionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, utilizada como instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades dotacionais básicas. En base a isto, as prioridades do Goberno Municipal son as de mellorar a accesibilidade para adaptarse ás esixencias da normativa e ir avanzando na eliminación dos déficits urbanos, así como facilitar o uso dos espazos públicos a toda a veciñanza do concello.

Para todas estas propostas comprobouse a dispoñibilidade e a titularidade municipal dos terreos. Con estes factores combinouse a necesidade das intervencións coa viabilidade, dando lugar ás propostas que se presentan.

Dentro da achega provincial 2023, inclúese o proxecto denominado “Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre. Fase 1” no que se pretende actuar no espazo público do entorno á igrexa de Santa María de Cambre, onde actualmente non se dispón dun itinerario peonil accesible en cumprimento da Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados e cuxo parque infantil se atopa en malas condicións e non cumpre co “Decreto 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís”. A continuación, detállanse as solucións adoptadas segundo o proxecto:

- “Zona 1: Mejora de la accesibilidad del entorno de la Iglesia de Santa María de Cambre en la acera del margen izquierdo de la DP-1702, mediante las siguientes actuaciones:
 - Demolición por medios mecánicos de las aceras existentes.
 - Ejecución de una nueva acera de granito: para reponer la acera existente
 - Baldosa de granito de 160x40x10 cm

- Ejecución de marcas podotáctiles en la baldosa de granito.
- Capa de mortero M-40 (e=4 cm) y arena M-350.
- Colocación de bordillo de granito para separación del vial y en perímetros de alcorques, de dimensiones 25 cm x 15 cm.
- Ejecución de una senda peatonal en el interior de la parcela de la Iglesia de Cambre, paralela a la misma, mediante 25 cm de zahorra artificial.
- Levantamiento y reposición de seis báculos de luminaria de alumbrado público y colocación de las arquetas y canalización de alumbrado necesario, en la zona de aceras.
- Las arquetas de registro tendrán unas dimensiones de 60x60 cm y la canalización se proyecta mediante tubo de polietileno de doble pared (interior liso y exterior corrugado), de Ø=90 mm con resistencia a la compresión 450 N, para uso eléctrico.
- Zona 2: Mejora de la accesibilidad y seguridad en el parque infantil del “Parque da Igrexa”, mediante las siguientes actuaciones:
 - Retirada de los juegos infantiles en mal estado y que no cumplen la normativa vigente en materia de seguridad.
 - Retirada del pavimento existente de césped artificial.
 - Colocación de nuevo pavimento de caucho en tonos verdes y ocre.
 - Caucho continuo de 40 mm de espesor, adherido a la base con poliuretano, compuesto por 3 cm de granulado de caucho en color negro encargado de amortiguar la caída de hasta 1,70 m de altura y 1 cm de caucho de color en tonos verdes u ocre, antideslizante, resistente a la intemperie, transpirable y aislante térmico y acústico homologado según normativa europea y colocación sobre solera de hormigón
 - Colocación de nuevos juegos infantiles, en sustitución de los juegos deteriorados y colocación de juegos accesibles”.

Polo tanto, a solución elixida vai dotar á zona dunha mellora da accesibilidade, mellorando notablemente o aspecto e funcionalidade de todo o espazo urbano entorno á igrexa de Santa María de Cambre.

Na achega provincial 2023, tamén se propón o proxecto denominado “Proxecto básico e de execución Mellora de accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da AC-214 e rúa Carballo. 15660 Cambre

En orde de cumprir coas exixencias determinadas na normativa de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas no desenvolvemento do ámbito co obxecto de mellorar tanto a súa accesibilidade como a súa seguridade elimínase a zona de aparcamento existente, ocupado toda a superficie para o tránsito peonil, feito que permite realizar a conexión coa rúa Carballo (cota +57.80) dende a beirarrúa da AC-214 (cota + 61.00) mediante o desenvolvemento dun itinerario peonil de pendente constante en dous tramos que priorice en todo momnto a seguridade do peón. Este itinerario non pode abarcar todo a anchura do ámbito xa que para a eliminación das escaleiras existentes e a súa substitución por unha rampla practicable que una o ámbito de acceso ao local comercial (supermercado) na rúa Carballo co itinerario que descende foi necesario a disposición dun muro en L que absorba a diferenza de cotas e permita establecer dous ámbitos: un primeiro espazo a cota + 59.60m que se prolonga ata o murete e outro espazo que desde esa mesma cota+59.60 m descende ata a cota +58.40 m para desde ese permitir tanto o acceso á rúa Carballo como a súa continuación e entronque co itinerario da praza do entorno de O Balado.

Con esta decisión dótase ao ámbito dun percorrido continuo sen obstáculos nin interrupcións permitindo desenvolver un itinerario único desde a Praza Dr. Enrique Piñeiro Rodríguez ata a rotonda da AC-214 na súa intersección coa rúa Lagoa, pasando pola praza de recente creación na contorna de O Balado.

Tanto a elección dos pavimentos propostos, así como o mobiliario urbano e a especie vexetal para arbolado urbano, responden a esta premisa de dotar as beirarrúas existentes dunha imaxe urbana coherente e homoxénea co obxectivo de devolverlle o protagonismo ao peón, ao veciño, reconquistar o espazo da beirarrúa co obxectivo de que o construído sexa o que está rodeado e no, como ocorre actualmente, ao contrario

Respecto á cantidade destinada á achega provincial 2024, incluíronse as seguintes actuacións:

1. Proxecto denominado “Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre. Fase 2”, consistirá en actuar no espazo público entorno á igrexa de Santa María de Cambre, onde actualmente non se dispón dun itinerario peonil accesible en cumprimento da Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados e cuxo parque infantil se atopa en malas condicións e non cumpre co “Decreto 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís”. Detállanse, a continuación, as solucións adoptadas segundo o proxecto:

- “Zona de actuación: Mejora de la accesibilidad de la acera que une la Rúa Cruceiro desde la glorieta de la AC-214, hasta el cruce de la Rúa Pumar Méndez (DP-1704) con la Rúa Socampo, mediante las siguientes actuaciones:
 - o Demolición por medios mecánicos de las aceras existentes.
 - o Ejecución de nueva acera:
 - ▣ Capa de aglomerado: 5 cm de AC-22 BASE BC50/70 S (S-20)
 - ▣ Riego de imprimación: 1,5 kg/m2 C50BF4 IMP
 - ▣ 20 cm de Zahorra artificial
 - o Bordillo prefabricado de hormigón en la zona 3:
 - ▣ Bordillo de dimensiones 25x15cm
 - o Canalización de la línea aérea de electricidad existente en la zona de actuación, mediante prisma de canalización con cuatro tubos de PVC”.

Polo que a solución elixida, vai dotar á zona dunha mellora da accesibilidade, mellorando notablemente o aspecto e funcionalidade de todo o espazo urbano.

2. O proxecto denominado “Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no edificio sociocultural na parroquia de Cela. Concello de Cambre”, contempla rematar a a súa contorna inmediata para un correcto funcionamento do mesmo. Plantéxase completar no fronte da súa parcela os elementos de urbanización existentes. Realízase un planteamento de urbanización integral na parcela obxecto de actuación, aínda que se programa a súa execución en 2 fases completas:

Na fase 1 (obxecto deste proxecto) que se corresponde coa urbanización exterior da parcela con referencia catastral 4435908NH5943N0001YE, na que se resolve o fronte da mesma á cota da estrada cunha “pequena praza” que dialoga co cruceiro e un aparcadoiro en batería para dar solución ás necesidades de funcionamento do Centro Socio Cultural.

Na cota de implantación do edificio plantéxase o remate da urbanización existente, co aporte de arbolado e mobiliario urbano para potenciar a funcionalidade deste espazo exterior.

Plantéxase o tratamento do lindeiro este da parcela co camiño veciñal existente cun elemento delimitador natural. Tamén se plantexa a canalización de augas de escorrentía dese camiño xa que debido á pendente do mesmo xenera problemas na actualidade.

No lindeiro oeste plantéxase a realización dun muro de contención cunha altura aproximada de 1.85 m e un talude vexetal para o tratamento da diferenza de cota existente na parcela na actualidade. Nese lindeiro tamén se proxecta a ubicación duns armarios que dan soporte ao funcionamento do Centro Socio Cultural e unha zona de barbacoas, que aumenta a funcionalidade do espazo exterior.

No lindeiro norte, na zona posterior ao edificio tamén se plantexa un muro de contención como elemento de remate dos graderíos existentes. Contéplase ademais, uns escalóns de acceso aos diferentes niveis das gradas existentes e un talude vexetal.

Todas as actuacións propostas intentan potenciar as posibilidades de entorno inmediato do Centro Socio Cultural para mellorar a súa funcionalidade, dotando ao edificio de espazos de calidade que os veciños poidan disfrutar no uso do mesmo.

3. Pola súa parte, propónse o proxecto denominado “Mellora da accesibilidade na Barcala, Lendoiro, Cambre. Lote 1. A Rúa A Barcala da acceso a un complexo deportivo así como ao cemiterio parroquial ademais de a outras vivendas dispersas e unha nave industrial. No referente ao tránsito peonil, actualmente non existe un itinerario seguro e so constan os primeiros 50 metros na marxe esquerda dun sobreancho que permite a separación dos peóns do tráfico de vehículos. Sen embargo, o mencionado sobreancho non dispón dunha pavimentación adecuada actualmente. Por outro lado, o uso do arcén do vial, de ancho de calzada 4.60 m, supón un risco para o tránsito peonil e consecuentemente un problema de seguridade vial.

Identificada esta problemática, o Concello de Cambre propón para resolvela que se deseñe unha beirarrúa que asegure un itinerario peonil seguro e continuo por unha das marxes da estrada, polo que se plantexa a execución dunha beirarrúa de 600 m de lonxitude e dous metros de anchura que discorrera pola súa marxe esquerda e cuxa construción dividírase en dúas fases.

A primeira fase, que comprende os 194 primeiros metros da mesma, e que se desenvolverá con este proxecto que incorpora ademais a previsión de iluminación pública e abastecemento, soterramento dos servizos aéreos das redes de telecomunicacións e subministración eléctrica e a reposición de muros de peche e accesos as fincas adxacentes

4. Finalmente, dentro da achega provincial 2024, propónse o proxecto “Remodelación da parada de bus de r/ Tapia, Cambre”. O obxecto do presente proxecto é definir os traballos necesarios para a implantación dunha parada de autobuses que dé cabida a dous vehículos, pasando dos 14 m da parada actual aos aproximadamente 37 m da nova parada que se implantará substituindo prazas de aparcadoiro en batería entre os números 19 e 23 da rúa Tapia, entre as rúas Luis Seoane e Teresa Herrera.

Retírase a zona de parada actual, fronte ao número 17 así como a marquesiña que será reubicada na nova parada. A nova parada permite a ampliación de beirarrúa conseguindo unha sección tipo proxectada, constituída por un carril de estacionamento de autobús de 3.30 m de anchura e unha anchura de beirarrúa entre 5 e 7 m.

A praza de mobilidade reducida que se elimina do aparcadoiro en batería reubicarase na rúa Luís Seoane.

O sobreancho que se libera da parada actual será destinado a carga e descarga que dea servizo á zona comercial.

Ademais, renovaranse os pavimentos das beirarrúas afectadas igualando materiais, baldosa granallada de 60x40 cm, coas zonas adxacentes recentemente renovadas polo Concello de Cambre.

En canto á zona de rodadura, a superficie colindante ao tramo de remodelación de beirarrúa, reponse a capa de dodeadura previo fresado. Esta actuación ven xustificada polo estado actual do pavimento.

Renóvase a sinalización horizontal e vertical do tramo, así como se coloca mobiliario urbano e novo arbolado.

Como consecuencia das demolicións e cambio de alineación de bordos será necesario a reposición de servizos afectados como a rede de alumado das farolas existentes e a rede de drenaxe.

Por outra parte, son varios proxectos os que se propoñen incluír no POS +2024 Complementario:

- Proxecto básico e de execución de mellora funcional da rúa Rocón. Concello de Cambre

O proxecto de Mellora funcional da Rúa Rocón corresponde á Fase III-B das actuacións proxectadas para a Praza Europa e a súa contorna, que está situada entre o Concello e o Campo da Feira. Este proxecto tratará de atopar solucións progresivas aos problemas detectados.

Esencialmente poden sinalarse catro obxectivos fundamentais:

- Mellorar a mobilidade peonil e a accesibilidade no ámbito.

- Dar un tratamento axeitado a este espazo que conecta o tramo máis consolidado do Campo da Feira co tramo norte do mesmo (Campo dos cochos)
- Por en valor a contorna de singular valor histórico
- Dar continuidade ás actuacións de urbanización en Praza Europa
- Cambio de sentido da rúa para permitir o acceso ao estacionamento do Concello liberando de tráfico a entrada principal do edificio.

Para lograr estes obxectivos é necesario actuar sobre a totalidade da rúa, mellorando a accesibilidade e conectando axeitadamente a área de estacionamento situada na Rúa Wenceslao Fernández Flórez ao norte do edificio coa estrada AC-214 Guísamo-Sigrás.

A proposta desenvolvida na Fase II da Praza Europa propuña unha solución que, tomando como referencia a aliñación da Igrexa e da Casa Consistorial, definía uns eixos de pavimentación que marcaban a importancia da edificacións e dos percorridos visuais, deixando especialmente unha superficie continua fronte a Igrexa de Santa María, de tal xeito que permitise a súa conexión co edificio do Concello e, formado un dobre eixo, co Campo da Feira e o Museo Municipal, onde se atopan os restos de xacementos romanos da zona. Estes eixos mantéñense neste proxecto co fin de dar unidade ao conxunto.

As actuacións proxectadas para a Praza de acceso ao Concello inciden nesta mesma liña e pretenden dotar de dimensión e tratamento axeitados a ese espazo, ao tempo que se resolve a accesibilidade dun xeito máis natural e amable, incorporando unha zona verde e de estancia no acceso ao Concello.

As actuacións que se proxectan para a Rúa Rocón tratan de dar resposta aos retos antes plantexados, mantendo a continuidade material das actuacións acometidas e proxectadas con anterioridade de xeito que toda a contorna monumental teña un tratamento coherente e harmónico. Para iso dáselle continuidade aos pavimentos conservando a lousa de pedra recentemente instalada na beirarrúa sur, pero incrementando o ancho onde non é accesible, para o que será preciso demoler o bordillo biselado existente. A beirarrúa norte amplíase tamén para mellorar a accesibilidade e paviméntase tamén en lousa de granito. Levántanse as luminarias existentes, que serán substituídas por outras de tecnoloxía led e deseño contemporáneo, do mesmo modelo que as instaladas en Praza Europa e que tamén se proxecta colocar na Praza do Concello. Esta rúa plantéxase de subida cara ao aparcamento existente no lateral da Casa do Concello, na rúa Wenceslao Fernández Flórez, en sentido oposto ao que ten na actualidade e con saída cara ó oeste pola área do colexio. A calzada, de 3,5 m. de ancho estaría disposta en plataforma única e prioridade peonil desde o entronque coa estrada AC-214 ata o cruce de acceso ao Campo dos cochos para garantir a accesibilidade; e en plataforma segregada no resto do ámbito, onde a topografía e as preexistencias desaconsellan esta opción.

A accesibilidade universal mellórase en todo o ámbito, asumindo as pendentes lonxitudinais da rasante existente. Incrementase o ancho das beirarrúas e dispónse plataforma única no tramo inicial para permitir un ancho libre tipo de 1,80 m. de acordo ás esixencias da Orde TMA-851-2021. Para permitir a conservación da ringleira de árbores existentes na beirarrúa sur, na zona máis próxima ao Campo da Feira, proxéctase rechea os alcorques existentes fora do ámbito de plataforma única cun aglomerado de caucho permeable e transitábel. O aumento de sección da beirarrúa colindante co muro de pedra de peche para que sexa accesible, afecta á sección completa da vía, o que obriga a talar as tres árbores existentes na beirarrúa norte, que se despraza cara sobre os terreos do tramo norte do Campo da Feira. A árbore próxima ao paso de peóns da AC-214 Guísamo-Sigrás terá tamén que ser talada para permitir ampliar o radio do entronque de xeito que permita o xiro de autobuses.

- Mellora da rede de pluviais en rúa Otero Pedraio e en A Patiña (Cela).

O proxecto ten como obxecto dúas necesidades que se pretenden satisfacer:

- Zona de actuación na rúa Otero Pedraio:
 - Mellora da rede de pluviais, mediante tubaxe de PVC DN 400 SN4 e execución de acometidas aos sumidoiros existentes e proxectados mediante tubaxe de PVC DN200 SN4.

- Reposición do firme, pavimentos e beirarrúas sobre as zanzas de canalización das redes.
- Repintado da sinalización afectada polas obras.
- Zona de actuación en A Patiña (Cela):
 - Mellora da rede de pluviais, mediante colocación de tubaxe de PVC DN400 SN4 na zona adxacente á DP-1704, na rúa Outeiro e no vial pavimentado de acceso ás urbanizacións. Por outro lado, no último tramo de acceso ás urbanizacións, que carece de pavimentación, proxéctase a colocación de tubaxe de PVC DN500 SN4 mediante zanja drenante.
 - Reposición do firme e pavimentos sobre as zanzas de canalización das redes.
 - Pavimentación mediante zahorra natural do tramo final do viario de acceso á urbanización adxacente á DP-1704.
 - Adecuación da estrutura da balsa de recollida de pluviais no tramo final do viario de acceso á urbanización mencionada..

- Proxecto de execución das obras de reforzo do firme e reposición de beirarrúas desde a senda da Casilla ata o cruce AC-214 con DP-1706.

No documento denominado “Proxecto de execución das obras de reforzo do firme e reposición de beirarrúas desde a senda de Casilla ata o cruce AC-214 con DP-1706 (Cambre)”, preténdese definir as actuacións a realizar na contorna da intersección da AC-214 coa DP-1706, reforzando o firme e repoñendo as beirarrúas en mal estado. Así mesmo, proxéctase a execución dunha rede de pluviais mediante tubaxes de PVC DN400, a renovación da rede de saneamento mediante tubaxes de PVC DN315, a canalización dos servizos e a substitución da tubaxe de abastecemento existente de fundicións por unha tubaxe de PEAD DN110 PN 16 ATM.

- Obras de oportunidade na senda de A Casilla, AC-214, pks 7+145-8+045

Actualmente a Xunta de Galicia atópase realizando na AC-214, a obra denominada “Itinerario peonil e ciclista na AC-214. Treito: A Xira-Cambre”.

O obxecto do proxecto é substituír a tubaxe existente de PVC por outra nova de fundición de diámetro 150 mm entre os pk’s 7+250 e 7+610 de uns 360 ml e unha canalización de alumeado entre os pk’s 7+245 e 8+045, aproveitando as obras que a Xunta de Galicia está executando entre os pk 7+220 e 8+540 da AC-214.

O obxecto desta obra é, polo tanto, a execución dos seguintes traballos:

- Execución de canalización de abastecemento, consistente na subministración e colocación de tubaxe de fundición de 150mm, na estrada AC-214, entre o pk 7+250 e o 7+610, na súa marxe esquerda.
- Execución de canalización de alumeado, composta por dúas tubaxes de canalización eléctrica de 90 mm, entre os pks 7+245 e 8+045, na estrada AC-214, na súa marxe esquerda.
- Obras de oportunidade na senda de A Xira, AC-214, pks 8+500-8+870
- Obras de oportunidade na senda de A Xira, AC-214, pks 8+500-8+870

Actualmente a Xunta de Galicia atópase realizando na AC-214, a obra denominada “Itinerario peonil e ciclista na AC-214. Sigrás. PQ 8+500-9+260”.

Esta actuación, pola súa marxe dereita, contempla a execución da senda a partir do pk 8+850 da estrada AC-214, xa que desde o inicio da actuación ata dito pk, xa existe actualmente, unha senda en aglomerado.

O obxecto do proxecto é dotar dunha senda accesible entre os pk's 8+500-8+870, duns 300 ml, aproveitando as obras que a Xunta de Galicia está executando entre os pk 8+500 e 9+260 da AC-214. Preténdese demoler a beirarrúa existente en aglomerado, caxeio de 10 cm de espesor e execución de beirarrúa de formigón tipo HF-3,5, coloreado en central segundo tramo executado pola Xunta de Galicia, incluído mallazo de 15x15x6 en entradas de vehículos. Ademais preténdese dotar dun paso de peóns na zona para dar continuidade peonil ás sendas existentes.

Co fin de mellorar esta senda e dar unha continuidade funcional, estética e de seguridade, ao traballo que estea realizando a Xunta, preténdese mellorar o tramo existente entre os pks 8+500 e 9+260, mediante a demolición do firme de aglomerado existente na mesma, mantendo o bordo, e a execución dun novo firme de Formigón HF-3,5, da mesma cor ao utilizado pola Xunta na súa senda.

Aproveitase a actuación para incluír na zona de novo firme de formigón unha zanja con canalización de alumeado, consistente en dous tubos de PVC de 90 mm.

Así mesmo, preténdese mellorar a seguridade nunha zona puntual mediante a utilización de sinalización horizontal e balizamento adecuado.

Tendo en conta o disposto no apartado 5.B.2.2 das bases reguladoras do Plan, solicitáronse todas as autorizacións necesarias para a execución dos proxectos segundo os correspondentes informes.

